# INSTRUCCIÓNS PRÉSTAMO TELEMÁTICO

# FONDOS BIBLIOTECA

XUNTA DE GALICIA | CENTRO INTEGRADO DE FORMACIÓN PROFESIONAL POLITÉCNICO DE SANTIAGO

CIFP Centros Integrados Formación Profesional

# Pasos a seguir:

1. **Accede á páxina web do CIFP Politécnico de Santiago.**
   [https://politecnicodesantiago.es/](https://politecnicodesantiago.es/)

2. **Accede á sección Biblioteca.**






## 3. Solicitude de carné de Biblioteca:




Para solicitar o préstamo dos fondos da nosa biblioteca é preciso facer un carné de persoa usuaria da Biblioteca, para o que se debe cubrir o formulario correspondente.

## 4. Acceso aos nosos fondos:




Todos os nosos fondos están catalogados dixitalmente e se pode acceder a eles premendo na ligazón anterior.






Esta ligazón lévanos directamente á base de datos da biblioteca do CIFP Politécnico de Santiago. Nela pódese facer a busca por Título, Autor, etc.

Como se trata dunha páxina institucional que reúne a todas as bibliotecas escolares de Galicia, hai algunhas funcións que poden levar a erro xa que non están operativas. Unicamente se debe empregar esta páxina para buscar información sobre os fondos presentes na nosa biblioteca e non para **Reservar exemplar**, por exemplo. Para iso hai unha función na nosa web que presentaremos a continuación.




## 5. Préstamo e devolución dos fondos:




Preferiblemente se prestarán fondos a través deste medio. Este apartado danos acceso a un formulario no que se introducirán os nosos datos e os do libro ou libros (ata un total de tres) que se poden prestar. Os libros solicitados recolleranse na Conserxería do noso Centro tras recibir unha mensaxe por correo electrónico na que se avisará de que o fondo xa está listo (como moi tarde ao día seguinte). Os libros prestados devolveranse tamén na Conserxería do centro.